



CONCELLO DE REDONDELA

Resultado Final:

- Correctas: _____
- Incorrectas: _____
- Branco: _____

1.- Non é un dereito individual do empregado público:

- a) dereito de reunión .
- b) dereito á inamovibilidade na condición de funcionario de carreira.
- c) dereito á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.
- d) Todos son dereitos individuais do empregado público.

2.- De conformidade co Estatuto Básico do Empregado Público, son retribucións básicas dos funcionarios públicos:

- a) Soldos e trienios.
- b) Soldo, trienios e complemento de destino.
- c) Soldo, trienios e pagas extraordinarias.
- d) Soldo, trienios e complemento específico.

3.- A norma que regula o réxime de incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas é a:

- a) Lei 7/1985, de 2 de abril.
- b) Lei 7/2007, de 12 de abril.
- c) Lei 53/1984, de 26 de decembro.
- d) Ningunha é correcta.

4.- Que artigo da Constitución Española se dedica por completo á regulación do municipio?

- a) 140
- b) 142
- c) 143
- d) 121

5.- A que órgano lle corresponde a representación do Concello?

- a) Ao Pleno.
- b) Ao Alcalde.
- c) Ao Tenente de Alcalde.
- d) A toda a Corporación Municipal.

6.- A que órgano do Concello lle corresponde a competencia respecto dos acordos relativos á alteración do termo municipal?

- a) Ao Tenente de Alcalde.
- b) Ao Alcalde.
- c) Ao Pleno.
- d) A toda a Corporación Municipal.



CONCELLO DE REDONDELA

7.- A prevención de riscos laborais está desenvolvida por:

- a) Lei 2/2007, de 7 de Marzo.
- b) Lei 31/1995, de 8 de Novembro.
- c) Lei 30/1992, de 26 de Novembro.
- d) Lei 4/1990, de 1 de Decembro.

8.- Os residuos que se reciclan son:

- a) Papel e cartón.
- b) Vidro.
- c) Infecciosos.
- d) Son correctas A) e B).

9.- Sinala a afirmación correcta:

- a) Os equipos de protección individual están destinados a un colectivo.
- b) traballador levará a casa o equipo despois da súa utilización.
- c) empresario proporcionará gratuitamente aos traballadores os equipos de protección individual que deben utilizar.
- d) A roupa de traballo corrente é un equipo de protección individual.

10.- Para manter en perfecto estado a vasoira:

- a) Lavarase unha vez por semana con auga quente e augarrás, aclarando con abundante auga. Deixarase secar mantendo as fibras cara abaixo.
- b) Lavarase unha vez por semana con auga quente e deterxente neutro, aclarando con abundante auga. Deixarase secar mantendo as fibras cara arriba.
- c) Lavarase unha vez ao mes con auga quente e deterxente neutro, aclarando con abundante auga. Deixarase secar mantendo as fibras cara arriba.
- d) Lavarase unha vez ao mes con auga quente e deterxente neutro, aclarando con abundante auga. Deixarase secar mantendo as fibras cara abaixo.

11.- Segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais, a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo denomínase:

- a) Risco Laboral.
- b) Prevención.
- c) Condición de traballo.
- d) Risco Laboral grave e inminente.



CONCELLO DE REDONDELA

12.- A diferenza entre varrido e baldeo reside en que:

- a) No varrido o arrastre dos residuos realízase con auga a presión e no baldeo realízase por aire a presión.
- b) No varrido o arrastre dos residuos realízase en seco e no baldeo realízase mediante auga a presión.
- c) Varrido realízase de forma manual e o baldeo se realiza de forma mecánica.
- d) Varrido realízase en zonas peonís e o baldeo se realiza en vías públicas de tráfico ordenado.

13.- Para a recollida selectiva de residuos, en que colector debemos depositar unha lata de coca cola?

- a) Verde.
- b) Amarelo.
- c) Azul.
- d) Ningunha das anteriores.

14.- A terra arrastrada pola choiva:

- a) Considérase un desperdicio obxecto de varrido.
- b) Poderase verter nos colectores máis próximos.
- c) Retirarase en calquera caso mediante unha hidrolimpadora.
- d) Depositarse en colectores soterrados.

15.- Que tipo de varrido manual se utiliza en casos de limpeza de áreas onde houbo un evento especial como feiras, festas ou mercadillos?

- a) Varrido manual tradicional dun operario.
- b) Varrido manual motorizado de dous operarios.
- c) Varrido manual con servizos agrupados.
- d) Varrido manual de repaso.

16.- Que tipo de varrido se leva a cabo en puntos concretos e puntuais que requiren unha limpeza de mantemento como son paradas de autobuses, taxis, bocas de metro ou de ferrocarril?

- a) Varrido manual tradicional dun operario
- b) Varrido manual motorizado de dous operarios.
- c) Varrido manual con servizos agrupados.
- d) Varrido manual de repaso.



CONCELLO DE REDONDELA

17.- Cal é a secuencia correcta para levantar unha carga do chan?

- a) Xuntar os pés, inclinar as costas e levantar a carga sen achegala ao corpo.
- b) Separar os pés, flexionar os xeonllos e manter as costas rectas.
- c) Separar os pés, flexionar os xeonllos, manter as costas rectas e evitar xiros bruscos do tronco.
- d) Ningunha é correcta.

18.- Das seguintes afirmacións sinala a incorrecta:

- a) Os equipos de protección individual eliminan todos os riscos laborais.
- b) Os EPI'S reducen o posible dano causado por un accidente de traballo.
- c) traballador está obrigado a utilizar os EPI'S, seguir as súas instrucións de uso e velar polo seu correcto funcionamento.
- d) Os EPI'S non eliminan os riscos, só serven para minimizar consecuencias.

19.- O control da saúde dos traballadores presenta as seguintes características:

- a) É voluntario a partir do terceiro ano na empresa.
- b) É obrigatorio e confidencial.
- c) É voluntario e confidencial.
- d) Ningunha é correcta.

20.- Que tipo de varrido utilizaremos en caso de atoparnos cunha ampla superficie a varrer con gran cantidade de residuos e con presenza de obstáculos?

- a) Varrido manual individual.
- b) Varrido manual en brigada e motocarro.
- c) Varrido mecánico de arrastre.
- d) Varrido mecánico de aspiración.

21.- Como norma xeral, cal é a distancia máxima entre 2 bocas de rega?:

- a) 50 metros.
- b) 25 metros.
- c) 100 metros.
- d) 75 metros.

22.- O baldeo realizarase:

- a) Para unha limpeza máis eficaz.
- b) Para eliminar as partículas en suspensión (po) da época estival.
- c) Para unha lavado en profundidade do pavimento.
- d) Todas son correctas.



CONCELLO DE REDONDELA

23.- Por norma xeral, a distancia entre dúas papeleiras consecutivas debe ser:

- a) 50 metros en zonas habitadas e 40 metros en zonas comerciais.
- b) 100 metros en zonas habitadas e 50 metros en zonas comerciais.
- c) 80 metros en zonas habitadas e 40 metros en zonas comerciais.
- d) 100 metros en zonas habitadas e 40 metros en zonas comerciais.

24.- Para o baleirado de papeleiras débese:

- a) Evitar a descarga directa coa man.
- b) Evitar a descarga sen bolsa nos colectores de recollida de R.S.U.
- c) e B) son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

RESERVAS:

1.- As sesións comúns do Pleno son:

- a) As de periodicidade establecida.
- b) As convocadas con antelación mínima de 2 días hábiles.
- c) As celebradas cada mes en todos os concellos.
- d) e B) son correctas.

2.- O tratamento de limpeza que consiste en varrido manual con brigada de operarios e máquina varredora autopropulsada coa misión de recoller o produto do varrido da brigada denomínase:

- a) Varrido mixto.
- b) Varrido manual.
- c) Varrido manual con brigada.
- d) Varrido mecánico.

3.- Que tipo de varrido se realiza normalmente por un só operario?

- a) varrido manual motorizado.
- b) varrido manual tradicional.
- c) varrido manual con servizos agrupados.
- d) varrido manual con vehículos eléctricos.

4.- O varrido realizado con máquinas autopropulsadas denomínase:

- a) Varrido motorizado.
- b) Varrido mecánico.
- c) Varrido mixto.
- d) Baldeo.